

UN PLANETA CHEO DE VIDA ([Ligazón resumo anual](#))

Nos tempos convulsos nos que vivimos, nos que todo se cuestiona e no que parece que isto da Axenda 2030 é unha escusa para amolar ao contrario, cremos que debiamos poñer en valor o noso planeta e o seu coidado. É por iso que este ano propuxemos traballar os ECOSISTEMAS. Baixo o título **UN PLANETA CHEO DE VIDA** fixemos unha viaxe ao longo da Terra para coñecer máis polo miúdo a gran riqueza que nela se agocha.

Malia que o tema está moi relacionado con todos os [ODS](#), traballamos máis polo miúdo o 11, 13, 14, 15 e 17.

UN PLANETA CHEO DE VIDA guiou todo o traballo de cada un dos cursos e deu pé á participación das **familias** que o fixeron, como xa nos teñen acostumadas, **moi ben**. En xeral, cumprimos coa práctica totalidade dos obxectivos propostos.

A biblioteca abriu en Outubro despois de deseñar, actualizar e imprimir os novos carnés de tod@s @s usuari@s co Programa Koha.


A biblioteca está en todas as **festas e conmemoracións escolares** desde exposicións de libros e materiais relativos a cada tema, ata convocando a participación nas diversas actividades. Cronolóxicamente :

- No Día da Saúde Mental fixemos unha exposición de libros e o alumnado de 6º EP realizou Booktrailers con algunhas delas.
- **Lecturas Enfiadas:** Para celebrar o [Día das Escritoras](#) sumámonos á convocatoria da Biblioteca Nacional e pedimos ás familias que se gravaran lendo un texto dunha escritora galega no que se amosara o goce da natureza, de viaxes, comidas, amor... con todos eles editamos un vídeo.
- No **Día da Biblioteca** entregáronse os **carnés** e **carpetas** lectoras aos novos usuarios, carnés ao resto do alumnado e profesorado novos na escola e as **mochilas lectoras** a cada curso. Así mesmo entregamos os carnés aos membros do CLUB DE LECTURA (Presentando o carné nas librerías da zona fanlles un 10% de desconto). Tamén montamos as **Mochilas Ecolóxicas**. Nestas últimas incluimos actividades como: libros de **medio ambiente**, [libro-xogo de árbores](#), Un caderno de receitas de aproveitamento...
- [SUPER RECICLIÑO](#) Creamos a nosa mascota do Tema Anual
- No [Samaín](#) montamos o tradicional Túnel do Medo coa súa Exposición de Cabazas aterrecedoras e entregáronse os premios do [Concurso de Podcast e Videos de Medo](#).
- Nos recreos a rapazada ven polo túnel do Medo a contar ou **recitar Esconxuros de medo**.
- No **Magosto** houbo exposicións e traballos cos froitos de outono en infantil e todos puidemos gozar de xogos tradicionais.
- No 25 de novembro [Día da Non Violencia de Xénero](#), a nosa comunidade educativa elaborou un vídeo colaborativo co slogan NO RESÍO DICIMOS NON, en contra da violencia de xénero.
- No **Nadal:** pedimos ás familias a súa colaboración na decoración [da árbore de Nadal](#). Este ano as familias trouxeron animais relacionados co tema da súa aula realizado con material de refugallo.



- Nesas datas agasallamos ás familias co [CALENDARIO](#) elaborado por todo o colexio no que cada curso ou materia se encarga dun mes, inspirándose no tema do que vai ser experto durante ese ano. Alí van tamén as Recomendacións Lectoras para todas as idades (así non se perden). Tamén lles enviamos o Itinerario lector.

- O [Festival de Nadal](#) contou con panxoliñas, bailes e **teatro**.



- Segundo o acordado coa **Asociación Cultural Vila de Bouzas**, o alumnado de Infantil, 1º e 2º curso de Primaria fixo unha saída ao noso barrio de Bouzas para decorar a pérgola cos adornos feitos nas aulas. Aproveitaron para percorrer o barrio e mirar as fermosas decoracións de Nadal das casas.
- No [Día da Non Violencia](#) adaptamos a teatro o libro El Muro de Giancarlo Macri e Carolina Zanotti, Edicións Lume, con globos de cores, TODA a escola [escenificámolo](#) no patio. Nesta representación, unha raina dun país onde todo o mundo se recoñece pola súa cor, fainos descubrir que as veces, tomamos decisións inapropiadas e ridículas. O bonito e saber recoñecer os erros e camiñar xuntos.

Os muros sepáranos, pero o futuro constrúese coa axuda de todo@s.

✓ Como actividade colectiva no laboratorio das artes fixeron obradoiros creativos e decoracións para os corredores. O alumnado do segundo curso decorou e recitou o "Poema ao non" de Gloria Fuertes.

✓ Un [Planeta cheo de PAZ](#). O alumnado de 5º e 6º de EP investigou e preparou un **Genially** con información de persoeiros cun papel activo na loita pola paz. Nas sesións seguintes, o resto do alumnado empregou esa información para [cumprimentar](#) unhas fichas con algúns datos.

- **Día da Ilustración:** Aproveitando o traballado neses días, os nenos e nenas de primeiro e segundo de primaria, ilustraron o conto "O Muro".

- **Día da Candelaria:** Picolindo solicitou a axuda de tódalas familias para tentar repoboar a cidade con paxaros. Aludindo ao prezo dos alugamentos e á escaseza de pisos (niños) pediunos que construíramos casas de paxaros e as colocáramos nas árbores dos nosos barrios. A resposta das familias foi inimaxinable, pero como algunhas estaban feitas en cartón, preparamos un tutorial para facelas con depresores na escola. A iniciativa chegou a oídos da **TVG** e saímos en [Atmosféricos](#) e ata no [Quen anda aí?!](#)

- No [Entroido](#) a radio e o vídeo entran en acción para os mandadiños do Meco co Chatter Pix. Este ano era o Meco EXPLORADOR.

Ademais, cada un dos cursos disfrazouse do seu tema de expertos da PDI anual: abellas, crocodilos, osos polares, ras, formigas, palmeiras, serpes, peixes, árbores... Por mor da chuvia, non puidemos realizar o noso tradicional desfile ata Bouzas e tivemos que desfilar no patio cuberto este ano xunto co alumnado do **Centro Menela** para persoas autistas e o Centro de Educación Especial **San Rafael**. Alí enxuzamos ao Meco e rematamos coa degustación de larpeiradas de entroido e baile.

- **Día Mundial da Radio:** Celebramos este día cun novo [podcast](#) co que participamos no [Día Mundial da Radio](#). O alumnado do quinto curso de primaria relata o entroido en distintos países do mundo e na nosa escola. Aproveitando o tema do Proxecto Documental Integrado do centro.

- **Día Rosalía de Castro:** O alumnado do sexto curso de primaria, preparou uns versos recomendados pola Asociación Galega de Escritores e Escritoras, e, en grupos cooperativos, cunha cartolina máis un lapis, deseñaron un bocexo de debuxo, que representase eses versos. Cinco equipos, cinco versos. Despois, utilizando unha técnica de maxia con papel aprendida na conferencia RAIOLA polo profesorado na xornada de Biblioteca Creativa, impartida por Pablo Otero e Mark Ritchie, os cativos do primeiro curso gozaron dunha poesía debuxada, ou máis ben animada.

Paralelamente, coa mesma poesía e coa mesma técnica cooperativa, o alumnado do quinto curso de primaria, ilustrou os versos facendo collaxe e o alumnado do cuarto curso fixo un retrato de Rosalía de Castro.

- No **Día da Muller e a Nena na Ciencia** Ao longo a semana, propúxose un "traballo en familia" co título [ECO-MULLERES DO RESÍO](#) no que había que destacar unha muller da nosa contorna (familiar, veciña,



coñecida...) que sobresaíse, ao noso parecer, polo seu compromiso co planeta, e explicar cal era a súa acción ecolóxica.

Con tódolos documentos recibidos, elaboramos un libro e unha presentación.

Aproveitamos un traballo anterior sobre nais científicas no Resío e ampliámolo a País e Nais STEAM.



- A **Semana do Amor** quedou este ano eclipsada polo Entroido, mais non quixemos deixar de celebrala. Ademais do expositor con libros de amor e amizade, e, baixo o lema “**Este 14 de febreiro NAMÓRATE DA LECTURA**”, creamos unhas tarxetas nas que o alumnado recomendaba un libro á persoa que el/ela quixo: “Como es o meu/miña mellor recoméndoche este libro porque....”

- O **8 de marzo**, celebramos o [Día Internacional da muller](#). O alumnado do quinto e sexto cursos de EP, desenvolveu ao longo de toda xornada un obradoiro de creación de [BOOKTRAILERS](#), da man da empresa GINKO, con Roi Guitián e María Lobo. Os libros utilizados están, relacionados coa igualdade. Este obradoiro desenvólvese grazas a participación da escola no programa de BIBLIOTECAS CREATIVAS.

No tempo de lecer, no **Recuncho Fedelleiro**, houbo un **obradoiro de chapas**; no que o alumnado, de xeito libre e voluntario, acudiu para facer a súa chapa. Moitos dos cativos, levaron a chapa como agasallo para as súas nais. Doutra banda, na hora de ler, un grupo de alumn@s voluntarios do quinto curso de primaria ofreceu á cativada de E.I. unha micro representación teatral do libro, ROSA CAMELO.

Nas aulas os mestres fixeron tamén pequenas actividades significativas do gallo do Día Internacional da Muller. (pulseiras conmemorativas, debuxos...)

- Coa chegada da primavera pedimos ás familias que colocaran polo mundo [Trampas para Velutinas](#), para ao cal elaboramos un tutorial.

- Así mesmo, comezamos o deseño e elaboración do [Hotel de Bichos](#) da escola, que vimos de rematar.



- O alumnado de 6º de EI, experto nas [charcas](#), preparou un pequeno estanque no patio: Trouxeron plantas oxixenadoras, cágados, peixiños e ata unha familia de tritóns!!

- Na **Semana da Poesía** tamén foron varias as actividades relacionadas, **destacamos** aquí:

Agasalla poesía: todos escollen e agasallan poesías e, para ver se alguén se acordou de ti, tes que ir á biblioteca e preguntar aos encargados: Hai versos para min?, entón mirarán na caixa e chos darán.


No centro da biblioteca montamos unha gran **cesta con libros de poesía en galego** que tiveran algo que ver co tema anual: animais, plantas, ecosistemas, paisaxes... todo o alumnos de EP pasou por alí, elixiu o seu poema e **gravouno na Radio Escolar**. Algúns deles foron incluídos nun podcast.

- Co gallo da celebración do [Día do comic](#), na escola, dentro do PDI anual e dende o Laboratorio das Artes, levamos a cabo unha actividade creativa de invención de personaxes en equipos colaborativos e **creación de cómics** xa de xeito individual coas personaxes creadas en equipo, inspirándose no libro “Unha Historia diferente” da Ed Kalandraka, e no que poden aparecer entre outros, a mascota da escola, Picolindo, e con temática ecolóxica.

Creamos un **libro de cómic** preparado con todos os traballos na escola.



- No apadriñamento do [Día do Libro](#) foron de 4º a 6º os que leron aos máis pequenos; estes agradecéronllo con cadanseu marcapáxinas. Todos levaban as chapas gañadoras no concurso de deseño convocado para a celebración.



Cantamos a canción O LIBRO do álbum TIC TAC de Pablo Díaz e entregamos os premios aos deseños das chapas ganadores e de Ovos de Pascua.



- [XII XORNADAS DE EXPERTOS](#): Cada día unha clase na Hora de Ler expuxo ao resto da escola o que aprendeu durante todo o ano sobre o tema da PDI que lles tocou investigar.

- 4º EI: A sabana africana. - 5º EI: O deserto. - 6º EI: A Charca.
- 1º EP: A selva. - 2º EP: O río. - 3º EP: Mundo subterr.
- 4º EP: As Illas Atlánticas. - 5º EP: Os bosques e as fragas. - 6º EP: No Ártico.



- A o longo de curso e sobre todo durante Abril e Maio tivemos a sorte de poder gozar da VISITA DE VARIOS [AUTORES E AUTORAS](#) cos diversos cursos lectores da súa obra. [Pablo Nogueira](#) (4º EP), [Ramón Romero Nogueira](#) (1º EP), [Héctor Cajarabille](#) (Ed Infantil e Club de Lectura), [Eduardo Santiago](#) (3º EP), [Ramón D. Veiga](#) (2º EP) [Jorge Campos \(Ilustrateco\)](#) (2º EP), [Paula Carballeira](#) (4º EP e Club de Lectura), [Andrea García Martínez](#) (5º EP) e [David Rodríguez](#) (1º e 2º EP).

A maiores, no **Club de Adult@s** tivemos unha xuntanza por vídeo chamada con [Pedro Feijoo](#) co que despois tivemos un encontro en directo grazas á invitación que nos fixeron do Club do **CEIP Seis do Nadal**.



- Ademais, tivemos unha exposición temporal dedicada ao noso querido [HEMATOCRITICO](#), polo seu pasamento.

- Celebramos as [Letras Galegas e os Maíos](#) o mesmo día. Montamos o noso Maio con flores e herbas silvestres e grilandas naturais e de papel nas aulas. Despois, todos xuntos cantamos e tocamos a canción dos maíos e os nenos e nenas de 4º bailaron o baile das fitas acompañados polo Grupo de gaitas "Airiños do Resío", formado por alumn@s e mestr@s .

Na semana previa, traballouse a figura de Luisa Villalta, elaborouse un **minilibro da súa vida e obra**, e en grupos colaborativos, fixemos un **quebracabezas xigante**. Antes da celebración dos Maíos montámolo xuntos.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, e tendo en conta a faceta musical de Luisa Villalta, dende a biblioteca, propónse na sesión Steam, un proxecto no que o alumnado traballando en equipos **colaborativos**, sexa quen de facer un [violín sonoro coa placa Makey Makey](#). Para iso explicáronse os principios e conceptos básicos de circuítos eléctricos e desenvolveron habilidades de programación elemental utilizando Scratch. A cada equipo entregáronselles encadernadores, fío condutor e o Makey Makey para que cortaran e montaran o violín, colocando de xeito axeitado os fíos condutores.



Na **radio escolar** gravouse un [programa especial sobre o Día das Letras Galegas](#).

- Chegando ao final do curso cada clase preparou o seu [Pasapalabra](#) co vocabulario básico do traballo que fixeran para as súas investigacións de expertos. No Educaplay creamos un reto no que estaban os 9 roscos con todas as palabras, e ao que o alumnado tería que xogar para clasificarse para a GRAN final do Xogo. Nunha xornada lúdica todo o alumnado da escola acudiu e directo á GRAN FINAL.

- **CHOVEN TALENTOS:** Seguindo co noso empeño por fomentar a creatividade no alumnado e familias, convocamos a II Edición do noso propio “Talent Show”. Durante catro días na hora de Ler @s nen@s e familiares, que así quixeron amosaron as súas dotes artísticas. Tivemos baile, canto, instrumentos, maxia, experimentos e ata monólogos. Foi todo un éxito. Os que o seu talento non se podía mostrar en directo, enviaron [un video](#).

- Os xogos propostos ao longo do curso invitan á participación voluntaria para conseguir Pikeuros (moeda necesaria para “mercar” libros no **Mercadiño do Libro Usado e de Ocasión** en fin de curso).

A biblioteca foi pouco a pouco conquistando espazos. Así temos:

No corredor de Primaria no 1º andar, hai un espazo con material variado: libros, construcións, algún mecano... cos pros e contras de estar nun piso diferente ao da biblioteca que está na planta baixa con acceso directo ao patio.

O Recuncho Fedelleiro segue a ser un dos grandes aclamados na hora do recreo. Alí a rapazada vai xogar e manipular con xogos de construción, lóxica ou creativos. Está situado ao lado da Sala de Mestres e con acceso directo ao patio, como extensión da biblioteca fóra dos seus muros.

O Recanto Comelibros no comedor sigue gozando de boa saúde, e pola mañá, en “madrugadores”, ou no recreo, despois da comida, serviu a mais de un para ler un tempinho.

Enigmas do Dr Bacilus Semanalmente, todos os venres un novo enigma nas dúas entradas do cole. Procuramos que os enigmas estean relacionados coa época do ano ou conmemoración correspondente. Seguimos utilizando a ARCA DAS NOVIDADES que recorre as clases na Hora de Ler cada vez que queremos presentar novos materiais , así nos garantimos que cada profesor/a e cada clase se informa das novas adquisicións que poderán emprestar cando a Arca retorne á biblioteca.

CLUBS DE LECTURA

Por terceiro ano participamos no programa de [Clubs de Lectura](#). Participaron **38 nenos/as de 4º, 5º e 6º de EP**. Puxemos carteis anunciándoo e a resposta do alumnado foi excelente. Nós eliximos varios títulos, e o alumnado escolleu libremente o que lle gustou, de xeito que quedaron moi mesturados. Houbo 3 bloques de lecturas. No primeiro lemos *Trece avisos, Donde brillan las estrellas, A botella de lentellas*. No segundo, *Usha, Donde brillan las estrellas, Kusuma e Trece avisos*. No terceiro, estes mesmos, pero cambiando de “asociados” Tivemos moitas xuntanzas para falar das lecturas e das nosas investigacións sobre os temas que trataban. Entre elas, un obradoiro de orellas no que aproveitamos para ler os nosos propios relatos con protagonistas lentellas e un faladoiro para varios cursos por parte da Red Acoge na que traballa a tía dunha alumna. Tamén comentamos os libros con Paula Carballeira e Héctor Cajaraville

O club de **adultos** funcionou moi ben, con 9 mulleres e un home. Lemos *Ninguén contará a verdade, A Culpa, As Alumnas, Obra Maestra e A pel do cordeiro*.

OBRADOIROS

- ◆ Ciberseguridade e acoso nas redes (Policía Nacional)
- ◆ Obradoiros de cociña: Merendas monstruosas en Ed Infantil, Filloas no 3º ciclo e Orellas no Club de Lectura.
- ◆ Coidamos o noso Planeta na Fundación Sales e en Casaplanta.
- ◆ [Destripando unha colmea](#): como extraer a cera.
- ◆ Mediadores de convivencia.
- ◆ Disfraces en familia.
- ◆ Percusión tradicional (Asociación O Caso Vello)
- ◆ Vento metal (Conservatorio Superior de Música de Vigo)



- ◆ Improvisación oral co Caruncho e Pinto de Herbón. (Concellería de Normalización Lingüística)
- ◆ “A auga e os ríos” (Augas de Galicia)
- ◆ “Monte Vivo”
- ◆ **Obradoiros e [faladoiros](#) impartidos por nais e pais:** [Artesanía con Paula](#), Cómic (Pablo Leirós), Papiroflexia (Lolo), Océanos e biodiversidade (Rosa Chapela), Como converter unha idea en Proxecto (Marcos Cabrera)
- ◆ [“Obradoiro de rap”](#) con Pedro Iglesias.
- ◆ [“Superheroes do Medio ambiente”](#) As emocións nas facianas e posturas para a banda deseñada (Iago Araújo e María Vilar, responsables do taller de Banda Deseñada Kame Cómics.)
- ◆ Creación de [Booktrailers](#), de Roi Guitián.
- ◆ “Había unha vez na radio” Como narrar historias para as orellas por [Soledad Felloza](#).
- ◆ [“Facendo papel reciclado”](#)

PROXECTOS DESTACADOS

● **Te lo cuentan las matemáticas**

O programa levado a cabo pola Universidade de Vigo, persegue apoiar o ensino das matemáticas dende un punto de vista científico, tecnolóxico e innovador facendo descubrirlle aos cativos a utilidade social e económica das matemáticas; promover o gusto e interese polas matemáticas facendo especial fincapé nas nenas; e visibilizar a profesión de investigador en matemáticas.

O programa vai destinado ao alumnado do quinto e sexto cursos de primaria. Contan con tres obradoiros manipulativos, tres obradoiros tecnolóxicos e tres encontros con matemáticos.

Nos obradoiros manipulativos se pretende que os nenos e nenas aprendan as matemáticas dun xeito diferente ao habitual. Cos tecnolóxicos faise que traballen as matemáticas a través das novas tecnoloxías.

O programa está estruturado en seis bloques temáticos: [a criptografía cóntancho](#), [as cónicas cóntanche](#), [os mapas cóntancho](#), [os códigos cóntancho](#), [os movementos cóntancho](#) e [os datos cóntancho](#). Cada un deles céntrase en contidos e aplicacións das matemáticas como os algoritmos, a criptografía, a astronomía, as telecomunicacións ou os mapas, entre outros, e en figuras tan relevantes para as matemáticas como: Ada Lovelace, Hypatia of Alexandria, Maryam Mirzakhani, Dorothy Vaughan, Florence Nightingale ou Emmy Noether

● [Quen ven hoxe visitarnos?](#)

Durante o primeiro trimestre todos os luns, saíu unha Edición Especial do Xornal do Resío, baixo o título QUEN VEU HOXE VISITARNOS?. Nel aparecía un vídeo dun animal no monte . O alumnado tiña que miralo e escribir un comentario no Blogue de Picolindo ou no instagram da escola indicando de que animal se trataba. Tod@s @s que o adiviñaban, recibiron pikeuros. Se ademais entregaban un debuxo do animal indicado na biblioteca, obtiveron un Raña e Gaña.

● [Encontro ás cegas cun Libro](#)

Polas vacacións de Pascua artellamos esta actividade en FAMILIA. Ás veces tendemos a xulgar un libro pola súa portada ou por un título pouco atractivo, que nos leva a desbotalo rapidamente sen darlle oportunidade. Picolindo colocou diferentes libros, para que calquera neno puidera collelos emprestados e levalos para casa. Como estaban envoltos como agasallo, a única pista sobre o seu contido foi unha frase no envoltorio. Xa na casa, tiñan que lelo e á volta da Semana Santa traelo para a escola acompañado dunha maqueta, ou manualidade, feita por eles, sobre a temática do libro.

Con todas elas fixemos [unha fermosa exposición](#).

AULA STEAM E [RADIO ESCOLAR](#)

Realmente a radio e a aula Steam participan en practicamente todos os proxectos do curso: vídeos, audios, fotografía... Alí aprendemos a empregar múltiples aplicacións e convertémonos en expertos comunicadores a través das ondas de radio.

Ademais, traballamos o pensamento computacional do alumnado dende E.I. ata 6º EP cos Scornabots, Mbots, Makey Makey, xogos de lóxica, Scratch, Legos, BrainBox e distintos xogos, e impresora 3d (3º ciclo). Nesta aula desenvólvese un traballo en equipo no que todos teñen que colaborar, contrastar opinións respectando ao outro e as súas opinións. Con este traballo fomentamos o pensamento lóxico porque teñen que acadar que o robot faga o que eles queren, aumentando a súa autoestima.

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

- Concurso de debuxo "[VIDA SOSTIBLE](#)" de [Atlántico Diario e FCC](#): Os gañadores foron: Mar, Cloe, Breogán, Uxía, Olivia e Mia. A entrega de premios levouse a cabo no Auditorio Mar de Vigo. Na entrega, estivo presente o Alcalde Abel Caballero, a Concelleira de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez, e pola representante en Vigo de Fomento de Construcciones y Contratas (FCC), Mabel Ayo.

- Concurso da **Deputación de Pontevedra**, [E ti... que pensas da igualdade?](#)

Un bo traballo de reflexión sobre o que é para nós a igualdade e unha representación en forma de debuxo ou cómic. O sexto curso de primaria participou con poema musicado.

Obtivemos varios premios:

- 3º premio categoría primeiro ciclo de primaria para: ANDREA BLANCO CORTÉS
- 3º premio categoría terceiro ciclo de primaria para: LETICIA FERNÁNDEZ MARÍA
- 1º premio categoría terceiro ciclo de primaria para: IVÁN GAMALLO GÓMEZ

- 2º PREMIO GRUPAL POEMA: GRUPO AULA SEXTO PRIMARIA

[A PRENSA FALA DE NÓS](#)

Foron moitas as veces nas que saímos na prensa escrita este ano. Tamén participamos en varios programas da TVG: un por videoconferencia, outro no que viñeron eles e entramos en directo un par de veces e o terceiro, no que fomos a plató con algunha nenas.

[TRABALLOS POR AULAS](#)

- Nas aulas **Educación Infantil** levamos a cabo varios proxectos de investigación para os cales empregamos a biblioteca como fonte de información e lecer. Nela collemos prestados libros referentes aos temas que estivemos a traballar nese momento, e grazas a eles tiñamos información e un soporte gráfico co que acompañar as explicacións. Algúns destes proxectos foron:

-Vivenciamos o outono: A través das mesas sensoriais co material aportado polas familias, coñecemos novo vocabulario, manipulamos, clasificamos, experimentamos... Tamén traballamos a psicomotricidade fina debullando o millo, a concentración, e fomentamos a aproximación á lecto-escritura e a lóxica matemática mentres aprendemos palabras novas, contamos, clasificamos, etc.

INSTALACIÓN DE OUTONO: seguimos afianzando os conceptos esta vez a través dunha instalación de outono



-SAMAÍN: Traballamos aspectos como a psicomotricidade fina, os transvases, a clasificación de cores e obxectos, o conteo e a estimulación dos sentidos, esta vez tentando de atopar terroríficas arañas escondidas entre boliñas de silicaxel, unha textura

que nos encantou. Aproveitamos tamén para estudar o esqueleto humano e despois todas as partes do corpo e órganos principais.

-VIVENCIAMOS O INVERNO: Tinximos xeo con témpora líquida e recreamos unha paisaxe polar para poder sentir o frío do inverno. Encantounos observar como “patinaban” os pingüíns. Para vivenciar algunhas características do inverno, nesta ocasión fixemos un experimento: creamos neve artificial con bicarbonato de sodio e auga. Tamén recreamos un “minimundo” con animais típicos desta paisaxe e cos monecos que nos representan a cada un/unha.



-PROXECTO A SABANA: Esta foi a investigación dos/as alumnos de 4º de E.I. Entre outras cousas, creamos un Lapbook recompilando a información máis importante.



-PROXECTO “AS ABELLAS”: Coa chegada da primavera e aproveitando a aparición dos insectos, comezamos a investigar sobre as abellas. A través de libros da biblioteca, diferentes vídeos e o material aportado polas familias, aprendemos aspectos sobre onde viven, que fan, os diferentes tipos de abellas ou o seu ciclo de vida.

Tivemos a sorte ademais de converternos en auténticos/as apicultores visitando Apópolis (centro para a comprensión das relacións existentes entre os seres humanos e as abellas); alí elaboramos unha vela con cera, galletas con mel e visitamos os paneis das abellas; foi unha experiencia increíble!



- Harry Potter e o mundo máxico: mergullámonos no mundo da maxia da man dos personaxes desta obra; decoramos a porta, xogamos coas tarxetas de vocabulario, disfrazámonos, preparamos vasoiras comestibles, xogamos co Brain Box de Harry Potter na Aula Steam...

- Os dinosauros: Investigamos, buscamos fósiles na horta, simulamos pegadas de dinosauro en plastilina e estampadas nunha folla, fixemos unha máscara e decoramos a porta.



- Coñecendo as nosas orixes: Aproveitando as nacionalidades do alumnado da aula (España, Uruguay, Venezuela e Arxentina) aprendemos sobre a súa cultura, patrimonio, expresións, xeografía...

-O deserto: Foi o tema que nos tocou traballar en 5º E.I. Estudamos a fondo as características deste ecosistema (paisaxe, fauna, flora, clima e curiosidades).

● No **primeiro Ciclo**, cada fin de semana, o noso amigo “Lobiño” visita a casa dun compañeiro/a da clase e xuntos/as comparten saídas, lecturas, xogos... Leva consigo un caderno no que vai anotando as súas experiencias. Ao alumnado gústalle moito levar a nosa mascota para casa e, sobre todo, o que máis lles gusta é contarnos logo o que fixeron eses días.

Dentro do proxecto de centro, na aula de 1º estivo investigando acerca do **ecosistema da selva** e as súas características. Primeiro, e seguindo o proceso de investigación, reflexionamos sobre o que sabemos e o que nos gustaría aprender. Logo xa repartimos os intereses por equipos, e procedemos a buscar información, clasificala e redactala. Finalmente como todos os anos fixemos a nosa representación nas xornada de expertos diante de todo o colexio.

A lectura do libro **“A abelliña que perdeu as ás”** permitiunos traballar a poesía e a memoria, xa que a repetición destes versos é moi axeitada para a memorización nestas idades. **“O corazón dos paxaros”** ten

moito que ver co noso proxecto anual. Esta lectura fíxonos reflexionar sobre a importancia do coidado do medio ambiente e coma todos somos beneficiados se coidamos da natureza.



O libro “**Capitán lentella**” foi a escusa perfecta para traballar o cómic.

Con motivo do día do libro traballamos as diferentes partes dun libro, e os diferentes tipos de textos que nos atopamos; decidimos facer con cada un dos alumnos/as o seu libriño. Fixemos unhas historias moi interesantes fomentando a lectura e a expresión escrita.

Dentro do proxecto de centro, na aula de 2º traballamos os ecosistemas dos ríos, aprendendo moitas cousas sobre os distintos elementos que forman estes (fauna, flora etc) e algúns conceptos relacionados. Ao longo do 3º trimestre elaboramos dioramas de ríos de forma individual.



Para celebrar o **Día de Rosalía de Castro**, e aproveitando o noso proxecto de centro “Os ríos”, traballamos co poema “Adiós ríos, adiós fontes”.



- **ACTIVIDADES MANIPULATIVAS:** Gran parte do noso traballo na aula tivo carácter manipulativo, así, puidemos vivenciar as matemáticas, as ciencias e as linguas con distintas actividades: Ditado explosivo con globos (unha forma divertida de afianzar a memoria e a escritura); elaboramos un adorno para a árbore de nadal, con “hamas”; e festexamos a nosa propia sementeira, e elaboramos unhas maracas para empregar na clase de música, dende debullar o millo ata facer as maracas con material de refugallo. Tamén nos iniciamos no mundo do origami facendo peixes para o noso escenario do proxecto, un río elaborado na aula de plástica.



- No **segundo ciclo** fixemos varias actividades para traballar a expresión oral e escrita, así como para traballar as emocións. Cada semana en parellas cumprimentaban o diario de comportamento, o diario de faltas, o de emocións, o caderno de contas... Na caixa do correo os nenos e nenas podían escribir para pedir desculpas, buscar amigos ou expor ideas xeniais para a escola e mesmo queixas. Houbo obradoiros de escritura, poesías, contos, textos instrutivos e teatro.

- En matemáticas seguimos tendo a “**Fábrica de Problemas Matemáticos**” para inventar problemas.



-Os seres vivos subterráneos: Buscamos información e elaboramos fichas cos seus datos. Centrémonos nas formigas e como aprender mellor que traendo o noso propio [FORMIGUEIRO á AULA](#). Elaboramos de forma periódica un caderno de campo cos resultados das investigacións e observacións sobre a súa vida e organización.

- En Ciencias Naturais e sociais realizamos diferentes proxectos colaborativos de investigación que tiveron que expor oralmente e quedaron expostos nas paredes da aula.

- Estamos agora a traballar nun **obradoiro** de poesía no que teñen que transformar os **contos clásicos** en teatro rimado e logo representalos con **monicreques** creados tamén por eles mesmos, a outros cursos.

- **As Illas Atlánticas:** Elaboramos fichas e libros acordeón coas distintas especies mariñas, creamos unha piña cos nomes científicos de árbores e plantas que habitan no ecosistema terrestre das Illas atlánticas..

- As actividades desenvolvidas en **Quinto de EP** desde todas as materias estiveron relacionadas cos temas impartidos nas mesmas. Foron actividades desenvolvidas como traballos en equipo nas que se

buscaba desenvolver o traballo cooperativo dos alumnos e afondar nos coñecementos do tema, unha vez rematado o seu traballo na aula. Tamén se desenvolveu deste xeito o traballo de Expertos relacionado coa temática anual do curso, no que o tema de 5º era “Os bosques e fragas”.



- Escolma de fraseoloxía: refrán e frases feitas.

- Investigación sobre a toponimia local

- Estudos biográficos: Cada grupo debía investigar a biografía dunha personaxe concreta: Frai Martín Sarmiento. Perfecto Feijoo, Francis Drake, Benito Soto, Xoan Manuel Pintos e Francisco Añón

- Os seres vivos: Estudo de diferentes organismos: Fungos/ bacterias: O kékir: Estudo do organismo e do proceso que realiza. Dos insectos traballamos as abellas. Realizamos unha páctica para obter cera dos cadros usados e elaboramos trampas para a vespa velutina

- Estudo dunha máquina: Estudo dun muíño de auga tradicional, investigando sobre o tipo de máquinas, simples e complexas que o compoñen.

- Ao longo deste curso, a **aula de Sexto** vén participando de tódalas actividades colectivas do centro; a maiores, lévanse desenvolvido distintos proxectos dentro da mesma:

A NOSA PEGADA ECOLÓXICA: Proxecto de traballo en familia no que se propuxo a reflexión sobre a pegada ecolóxica que cada un deixa no planeta, centrándonos nas vacacións desta pegada nas vacacións de verán. Con caderno de traballo.

SOMOS COMPETENTES: Proxecto no que se propuxeron diferentes traballos para comprobar a [competencia no fogar do alumnado](#): Limpeza de baños. Cociñamos unha tortilla de patacas. Do cesto da roupa sucia ao armario. Coidamos as mascotas. Arranxamos estragos. Entendemos as facturas. Todos eles co seu caderniño correspondente.

OBRADOIRO DE COCIÑA: Proxecto de traballo no centro no que cociñamos chulas de calacú, adaptando as cantidades da receita orixinal ao número de comensais da aula.

INVESTIGACIÓNS: **O Ártico**: investigamos sobre este lugar da terra, os seus habitantes, a fauna e a flora. Con caderniño de traballo. Poboacións humanas no Ártico: investigamos sobre os **pobos Inuit**, os seus costumes ancestrais e a súa vida no século XXI. Como remate, construímos unha paisaxe ártica cun iglú, feito con oveiras de cartón, un iceberg, e fauna ártica.

Durante o curso quinto e sexto de primaria participaron no [programa “Prensa-escuela”](#) da Voz de Galicia.

PREVISIÓN DE FUTURO

De cara ao vindeiro curso, conformámonos con poder seguir facendo o que ata o de agora: gozar xuntos mentres aprendemos, saborear cada lectura e encontro e gardar nas nosas retinas eses momentos nos que o noso alumnado é feliz compartindo unha idea ou inquiredanza, un traballo en equipo, unha produción ou un descubrimento.

Podedes ler aquí as [principais actuacións](#).

[Drive da memoria.](#)

[O curso nun clic.](#)

Ana Rosa Pérez Comesaña (Coordinadora)